

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de encargado de protección civil, medio ambiente e obras rurais (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

#### ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Encargado de Protección Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000039 – ENCARGADO PROTECCIÓN CIVIL

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1869/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Encargado de Protección Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 257/2024, do 01/02/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Encargado de Protección Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*) e na base Quinta (*Tribunais Cualificadores*) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Encargado de Protección Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais** (Grupo C, Subgrupo C1; Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Cometidos Especiais) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

#### Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	SOUTO FACAL	FRANCISCO JAVIER	***5001**	-	SI
2	TASENDE LOPEZ	IRMA	***1818**	-	SI

#### Excluídos/as:

Non hai excluídos.

**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

**Presidenta:**

Titular: D<sup>a</sup>. **María Eugenia López Balbís**  
Administrativa do Concello de Carballo

Suplente: D<sup>a</sup>. **Patricia Añón Vázquez**  
Administrativa do Concello de Carballo

**Vogal 1:**

Titular: D. **Juan Manuel Sánchez Corral**  
Coordinador de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón

Suplente: D. **Pedro José Cancela González**  
Xefe Accidental da Policía Local do Concello de Carballo

**Vogal 2:**

Titular: D. **Ramón Pérez Barrientos**  
Coordinador de Protección Civil, Seguridade e Obras do Concello de Muxía

Suplente: D. **José Luis Caamaño Domínguez**  
Oficial da Policía Local do Concello de Carballo

**Vogal 3:**

Titular: D. **Ramón Díaz Martínez**  
Axente Facultativo Medioambiental da Concellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

Suplente: D. **Juan Fermín Insua Bello**  
Axente Facultativo Medioambiental da Concellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

**Secretaria:**

Titular: D<sup>a</sup>. **Ana María Prieto Martínez**  
Vice-Interventora do Concello de Carballo

Suplente: D<sup>a</sup>. **María Irache Enríquez Albaina**  
Interventora do Concello de Carballo

**Terceiro.-** Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a **sesión constitutiva e de baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar **o venres 9 de febreiro do 2024 ás 10.00 horas** na Sala de Xuntas sita na 2<sup>a</sup> planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Quinto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

En Carballo, 2 de febreiro de 2024

V. e Pr.,

A primeira Tenente de Alcalde

María Belén Lendoiro Esmorís

(PD:Decreto 2/2024, de 2 de xaneiro)

2024/779